



Ourense, 1 de abril de 2020

INFORMACIÓN SOBRE A 2ª AVALIACIÓN

Durante a tarde do pasado venres 27 de marzo a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional remitiu unha serie de medidas a adoptar en relación á avaliación do segundo trimestre. Nelas indicábasenos que “A efectos de dar continuidade ao calendario escolar, os centros educativos procederán a formalizar o peche da avaliación do segundo trimestre”. Seguindo estas instrucións, o próximo venres 3 de abril recibirán na aplicación Abalar Móbil as cualificacións correspondentes a este período académico.

Como ben saben, as clases presenciais víronse alteradas desde o venres 13 de marzo. Esta ruptura da actividade académica normal afecta, evidentemente, ás notas que recibirán este venres. A propia Consellería aclara, tanto nas súas indicacións do 14 de marzo coma nestoutras emitidas o día 27, que “non serán avaliábeis” as actividades desenvolvidas durante o estado de alerta. Isto implica que pode haber alumnos aos que lles quedou sen entregar algún traballo co que contaban subir a nota dalgunha materia, ou que algún outro non puido facer un exame de recuperación co que esperaba compensar algún suspenso parcial. É posible incluso que algún profesor non teña a capacidade de incluír a nota da súa materia por atoparse de baixa ou por considerar que carece de datos suficientes para poder avaliar de maneira axeitada. Resulta moi necesario que teñan vostedes en conta a natureza excepcional destas cualificacións cando teñan que valoralas nas súas casas. Non son as notas que os alumnos ou os propios profesores desexarían, son as posibles nestas circunstancias.

Tan pronto como dispoñamos de máis información sobre a marcha académica deste curso farémollle chegar. Pero iso non será ata despois de Semana Santa, que é cando está marcada a reunión da ministra co resto das autoridades educativas. Ata ese momento, desexamos que vostedes e os seus achegados estean sans e que estean resistindo con fortaleza as severas restricións que nos impón este período de alerta. Para calquera dúbida que poidan ter, non dubiden en poñerse en contacto cos titores ou con este equipo directivo a través dos mecanismos telemáticos ao seu dispor na web do centro.

Atentamente, o equipo directivo do IES O Couto.